



PLAN DIXITAL

CEIP de Cerdeiriñas

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas

Código do centro: 36012377

Dirección: Cerdeiriñas, sn, Piloño, 36586, Vila de Cruces

Correo: ceip.cerdeirinhas@edu.xunta.gal

Teléfono: 886151760-886151761

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcerdeirinhas/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Educación Primaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas sitúase no interior de Galicia, nun entorno natural e eminentemente rural. Atópase no concello de Vila de Cruces, na comarca do Deza, provincia de Pontevedra. A poboación da localidade supera algo os 5000 habitantes.
O concello conta con tres centros de Educación Infantil e Primaria (CEIP de Merza, CEIP Nosa Señora da Piedade e CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas) e un Instituto de Educación Secundaria (IES Marco do Camballón).
O nivel socioeconómico e cultural das familias do alumnado do centro é medio, dedicándose de principalmente ao sector primario e secundario, aínda que o sector terciario ten un aumento considerable nos últimos anos.
A nivel educativo, podemos sinalar que unha alta porcentaxe dos pais dos nosos alumnos teñen estudos de educación secundaria, bacharelato, FP ou universitarios. Na poboación con menos de 35 anos hai máis titulacións universitarias, sendo as mulleres o sector máis amplo.
O CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas, conta con alumnado moi diverso, provinte de diferentes aldeas do Concello de Vila de Cruces, os cales se achegan ao centro empregando, nunha alta porcentaxe, o servizo de transporte. O centro supón para este alumnado, un punto de encontro e socialización que debido ás características de dispersión poboacional da zona, non poden atopar no seu día a día.
Nunha alta porcentaxe, o alumnado do centro emprega a lingua galega como primeira lingua, aínda que de forma progresiva, o castelán está aumentando nos últimos anos. Do mesmo xeito, ao ser un centro plurilingüe, tamén se pode observar unha progresiva capacitación do alumnado na lingua inglesa.
- O Plan Dixital do centro entendese como unha contribución a maiores, das accións do centro, deseñadas para unha formación axeita dos membros da comunidade educativa, nas TIC. As novas tecnoloxías supoñen un recurso fundamental para as novas xeracións e para a actualización permanente. O noso centro sitúa as novas tecnoloxías como un obxectivo fundamental para a formación do alumnado e por dito motivo participa en números proxectos e iniciativas encamiñadas cara capacitar ao alumnado nas mesmas. Entre os diferentes proxectos a través dos que se busca a innovación e a formación nas novas tecnoloxías nos que participa atópanse Robótica en Primaria, E-Dixgal, D'tec, Digicrat, CP-Innova, Bibliotecas Creativas, etc. Igualmente, para o vindeiro curso solicitou a súa participación nos Polos creativos, na procura de poderlle ofrecer ao alumnado unha maior cantidade de recursos innovadores.

- O Plan Dixital suporá unha contribución no próximo curso, á Programación Xeral anual. Isto implica que os obxectivos do mesmo serán obxecto de traballo dunha forma permanente ao longo do curso.

1.3. Xustificación do Plan Dixital

O Plan Dixital do centro enténdese como unha oportunidade para darlle estrutura e conxunción a todas as iniciativas do centro en relación a novas tecnoloxías e innovación. Supón do mesmo xeito, unha continuidade na formación tecnolóxica que nos últimos anos foi acadando unha maior importancia na educación do noso alumnado cara unha axeitada formación cara a sociedade actual e futura.

A posta en funcionamento deste plan sustentase e apoiase na seguinte lexislación:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do presente plan supuxo unha coordinación e colaboración de todo o profesorado do claustro do centro. Desenvolveuse ao longo do curso 2021-2022 de forma continua e contando coa aportación de todo o profesorado, tendo especial relevancia as achegas do coordinador TIC do centro. O Plan Dixital partiu dunha análise das necesidades e das fortalezas e debilidades do centro en relación as novas tecnoloxías coa finalidade de dar unha resposta axeitada e obxectiva ás mesmas. É un plan que se desenvolveu co apoio dos asesores Adix e que tivo un soporte formativo a través do PFPP do curso 2021-2022.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**

O centro dispón de conectividade en todos os espazos do centro a través de conexión sen fíos. Todos os espazos de docencia (incluído o ximnasio) dispoñen dunha zona de acceso a internet sen fíos, contando con un total de 19 puntos de acceso. Só as zonas de administración e parte da zona de infantil dispón de conexión cableada. A conexión, en xeral é boa, sen existir moitos problemas de conectividade aínda que existan moitos ordenadores conectados a un tempo.
- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**

O centro conta con dúas aulas equipadas con kits abalar e o resto das aulas de titoría e especialidades (agás AL-PT), tamén contan con diferentes pizarras dixitais e canóns de vídeo.

O cento conta ademais con unha aula con pizarra táctil multitáctil e un espazo maker (que actualmente estase reformando).

Por outro lado, o centro conta con ordenadores vinculados ao proxecto E-Dixgal para o alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria. O alumnado de 1º, 2º, 3º e 4º curso de educación primaria tamén conta con tablets pertencentes ao programa snappet.

En relación ao material TIC do centro, pódese sinalar como importante o seguinte:

- Unha impresora 3d.
- 8 tablets
- Kits digicraft
- 5 impresoras de sobremesa.
- 2 ordenadores de sobremesa e catro portátiles (adquiridos polo centro).
- Material diverso para experimentación en novas tecnoloxías.

Por outro lado, pódese destacar que actualmente, o centro conta con unha aula de novas tecnoloxías, con ordenadores obsoletos, algunha aula ten encerados dixitais moi antigos e varios dos ordenadores da zona de administración tamén están obsoletos.

- Servizos dixitais educativos corporativos e non corporativos:

Os principais servizos que emprega actualmente o centro son os seguintes:

- Páxina web do centro: nela recóllense as novidades relativas ao centro de tipo informativo e de xestión.
- Aula virtual do centro: empregase de forma intermitente en base ás necesidades de cada curso, coa finalidade de achegar información ao alumnado e de contribuír á súa formación.
- Espazo abalar: empregase para a comunicación habitual coas familias e de forma puntual cos mestres do centro.
- Correo electrónico: empregase para a comunicación coas familias e entre o equipo docente do centro.
- E-Dixgal: empregase de forma permanente co alumando de quinto e sexto curso de educación primaria, como recurso para a formación do mesmo.

- Xestión do mantemento do equipamento do centro:

A xestión do equipamento do centro vinculado coas novas tecnoloxías está coordinada dende o equipo TIC do centro e conta co apoio da UAC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise DAFO empregáronse diferentes fontes, sendo a principal a información recollida a través do informe SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	4,1				
	Alumnado	-				

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	4				
	Alumnado	3,8				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado	4,2				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	3	4	75%
PROVISIONAL	0	3	0%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	2	2	100%
DESPRAZADO	1	2	50%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	69,8	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI	85	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	2	28,6%
B1	3	42,9%
B2	2	28,6%
C1		
C2		
TOTAL	7	100,1%

Outras fontes:

A información recollida, responde tamén a datos recollidos durante as xuntanzas e debates do profesorado en relación á competencia e as necesidades de formación dos membros do claustro en relación ás novas tecnoloxías.

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	O Centro conta con pizarras dixitais en todas as aulas de Primaria e Infantil. Existe unha aula de novas tecnoloxías Hai conexión a internet en todos os espazos do centro.	O centro sitúase lonxe dos servizos principais do concello. O material adquirido polo centro ten que ser repostado polo propio centro, o cal supón un esforzo económico para o mesmo.
	PERSONAL DOCENTE	O centro conta con un profesorado na súa maioría cunha formación media-alta en novas tecnoloxías.	O número de docentes é baixo Non se adoita empregar as novas tecnoloxías como ferramenta de avaliación. Un número significativo do profesorado non cubriu o tes CDD nin o SELFIE.
	PERSONAL NON DOCENTE	O persoal non docente participa activamente nas actividades propostas	O persoal non docente é moi cambiante. Non dispón de recursos tecnolóxicos proporcionados pola consellería nin pode acceder á internet pola rede da xunta.
	ALUMNADO	O número de alumnado por aula é baixo. Os alumnos do centro teñen un comportamento responsable.	O alumnado conta con poucas posibilidades de formación fora do centro educativo Non adoita empregar fora do centro, recursos tecnolóxicos que fomenten a súa creatividade.
	FAMILIAS	As familias participan nas actividades programadas dende o centro	As familias non ofrecen demasiadas ideas ou iniciativas propias
	OFERTA	O centro oferta todos os cursos de Infantil e Primaria e ademais participa nun gran número de programas e plans.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Existe unha boa coordinación entre todos os membros do centro.	O cambio de persoal de forma anual dificulta unha continuidade no traballo. A estratexia dixital do centro é mellorable.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Oferta de formación ampla para o profesorado e diferentes plans de participación para o centro.	A administración ofrece escasos recursos económicos e materiais para levar a cabo as iniciativas, plans, programas, etc
	LEXISLACIÓN	A lexislación vaise adaptando as novas necesidades de formación	A lexislación é moi cambiante e convive lexislación nova con antiga creando contradicións. A complexidade da lexislación, en moitas ocasións dificulta o entendemento e a axeitada difusión da mesma.
	CONTORNA	Ofrece posibilidades de formación externas	Non sempre colabora no traballo ou actividades propostas dende o centro.
	ANPA	A contorna é moi diversa e favorece o achegamento a diferentes ámbitos sociais	É unha zona rural que dista moito dos servizos básicos do concello o cal crea desigualdade entre o alumnado do centro e os alumnos doutros centros que si están próximos a eses servizos. Non existe un interese significativo cara a formación dixital.
	OUTRAS ENTIDADES	Favorecen a formación en temáticas concretas	Algunhas como o concello dificultan de forma moi significativa o bo desenvolvemento do traballo e da actividade do centro tendo unha colaboración moi baixa ou case nula

3. Plan de Acción

O Plan de Acción recolle os recursos materiais e humanos actuais en base aos cales se elaboran os obxectivos coa intención de acadar unha mellora no uso que se fai dos recursos dispoñibles.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Seguindo os datos acadados na análise DAFO do noso centro foron elaborados os obxectivos principais para desenvolver o Plan de Acción. A través dos mesmos, incidirase no traballo en todas as áreas obxecto de análise:

- Liderazgo
- Colaboración e redes
- Infraestrutura e equipos
- Desenvolvemento profesional continuo
- Pedagogía: apoio e recursos
- Pedagogía: implementación na aula
- Prácticas de avaliación
- Competencias dixitais do alumnado

En todo caso, tratarase de fortalecer de forma máis significativa aquelas áreas que máis o precisen. Procurarase para ilo a colaboración dos diferentes membros da comunidade educativa procurando á súa vez, a cooperación da administración educativa, para poder dar solución a problemas vinculados con recursos materiais. Deste xeito, o traballo nas diferentes áreas procurará acadar os obxectivos recollidos a continuación:

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Realizar unha xuntanza de claustro para achegar a importancia de participar en distintas actividades dirixidas á análise e avaliación da situación do centro en relación as novas tecnoloxías (participación no SELFIE, Test CDD, enquisas PFPP, ...)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación do profesorado nas enquisas e ferramentas de análise.					
Valor de partida	Baixa participación nas enquisas de formación e ferramentas de análise da situación do centro.					
Valor previsto e data	>90% de participación nas enquisas e ferramentas de análise.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realizar unha xuntanza de claustro co coordinador ADIX para achegar a importancia da participación nas diferentes enquisas de formación e ferramentas de análise para coñecer a situación TIC do centro e tamén a situación en relación a outros aspectos.	Equipo directivo e coordinador Adix	Decembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Claustro de profesorado • Aplicacións de recollida de datos (SELFIE, Test CDD, enquisas de formación, ...) 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Deseñar e poñer en marcha un curso de diferentes aspectos TIC a través da aula virtual do centro, adaptándoo as necesidades dos distintos grupos.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan dixital e responsable TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> Creación dun curso TIC na aula virtual Existen tarefas, recursos e materiais de complexidade diversa para favorecer o uso das TICs 					
Valor de partida	Inexistencia de cursos tics na aula virtual.					
Valor previsto e data	Existe un curso creado con materias e actividades de complexidade variable.			15-02-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun grupo de traballo responsable da posta en marcha e da elaboración de contidos para o curso TIC.	Coordinador do Plan Dixital	1º trimestre do curso 2022-2023	<ul style="list-style-type: none"> Persoas participantes. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Deseño e elaboración dun curso con contidos básicos TIC adaptados a distintas idades.	Coordinador do Plan Dixital e persoas do grupo de traballo	Febreiro 2023	<ul style="list-style-type: none"> Aula virtual. Recursos e programas informáticos de diferentes contidos 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Avaliación do curso e propostas de mellora	Coordinador do Plan Dixital	15 de xuño de 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Crear un espazo maker para fomentar a creación e o traballo do alumnado en contido STEM dunha forma dinámica e colaborativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital e coordinadora PLAMBE				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> Existencia dun espazo maker con diferentes materiais de creación. O espazo maker e os seus materiais empréganse habitualmente. 					
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> Non se conta actualmente con espazo maker no centro, dado que se suprimiu durante a pandemia da COVID 					
Valor previsto e data	<ul style="list-style-type: none"> Existe un espazo maker que ofrece diferentes recursos e materiais O alumnado emprégao o espazo maker de forma activa e habitual. 				Xuño 2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Crear un grupo de traballo que aporte ideas para a elaboración do espazo maker.	Coordinador do Plan Dixital e Coordinadora do Plambe	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Claustro de profesorado 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Diseñar e poñer en marcha un espazo maker con diferentes tipos de materiais innovadores.	Coordinador do Plan Dixital e Coordinadora do Plambe	Xaneiro 2023	<ul style="list-style-type: none"> Materiais TIC e recursos innovadores de diferente tipoloxía e temática Espazo para albergar o recuncho maker 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Fomentar a colaboración e os grupos de traballo e investigación entre o alumnado.	Coordinador do Plan Dixital e Coordinadora do Plambe	Xuño 2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Solicitar a participación no programa de innovación “Polos creativos”				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	A solicitude de participación foi aceptada pola Consellería					
Valor de partida	<ul style="list-style-type: none"> Non procede 					
Valor previsto e data	O centro participa no programa “Polos creativos”			Curso 2022-2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realizar unha xuntanza de Claustro e outra de Consello Escolar para acordar a participación nos Polos creativos e seleccionar o coordinador do mesmo.	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2022	<ul style="list-style-type: none"> Reunión de Claustro Reunión de Consello Escolar 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elaborar un proxecto para a solicitude dos Polos creativos	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar a participación no programa Polos Creativos.	Coordinador do Plan Dixital	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Chave 365 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Levar a cabo un obradoiro de formación TIC para todos os docentes, principalmente para os de nova incorporación, para que coñezan o funcionamento do centro en relación ás novas tecnoloxías empregadas habitualmente (E-Dixgal, Snappet, aula virtual, etc)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Pla Dixital e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Desenvolveuse o obradoiro					
Valor de partida	O 66% do profesorado coñece e ten competencia para empregar as aplicacións tecnolóxicas que se empregan habitualmente no centro.					
Valor previsto e data	O 100% do profesorado coñece e ten competencia para empregar as aplicacións tecnolóxicas e que se empregan no centro.			30 de setembro de 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaborar un curso no que se recolla o manexo das ferramentas tecnolóxicas empregadas dende o centro, adaptado a diferentes niveis.	Coordinador do Plan Dixital	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicacións e recursos tecnolóxicos empregados polo centro 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Realizar unha xuntanza na que se explique o funcionamento das ferramentas tecnolóxicas empregadas no centro.	Coordinador do Plan Dixital	Setembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenadores para o profesorado participante • Tablets snappet • Recursos e ferramentas tecnolóxicas empregadas polo centro. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear un espazo dentro da aula virtual do centro no que se facilite a achega de cuestións ao longo do curso 2022-2023 permitindo a resposta de todos os participantes.	Coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> • Aula virtual do centro 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Equipar a aula TIC e a biblioteca con material dixital axeitado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC e Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Os recursos tecnolóxicos da biblioteca e da aula TIC son axeitados.					
Valor de partida	A aula tic conta con algún recurso actualizado e a biblioteca precisa melloras importantes a nivel tecnolóxico.					
Valor previsto e data	Os recursos tecnolóxicos da biblioteca e da aula TIC están actualizados.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaborar unha guía necesidades e de recursos necesarios onde se recolla a súa funcionalidade para cada un dos espazos (biblioteca e aula TIC)	Coordinador TIC	Novembro 2022	Listaxe de material preciso para cada unha das necesidades que presenten ambos espazos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Adquirir os recursos precisos para dar resposta ás necesidades diagnosticadas.	Coordinador TIC e Equipo Directivo	Xuño 2023	Orzamento económico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Actualizar a web do centro para convertela en máis interactiva, participatiba e intuitiva.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan dixital e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actualización da web do centro					
Valor de partida	A páxina web do centro está actualizada pero necesita ser máis participativa e intuitiva.					
Valor previsto e data	A páxina web do centro conta con participacións do profesorado e das familias e é intuitiva.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Realizar unha xuntanza do profesorado pertencente ao Equipo TIC para determinar os apartados que debería conter a páxina web.	Equipo Dinamización TIC	Outubro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Equipo de Dinamización TIC Páxina web do centro Aplicacións 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Asignar un horario de traballo do coordinador TIC e do coordinador do plan dixital para o traballo na páxina web	Equipo directivo	Novembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Organizar un curso sobre o manexo da web para todo o profesorado.	Coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> Curso presencial sobre manexo da páxina web Curso con recursos virtuais para a páxina web dende a aula virtual 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:							
OBXECTIVO 1 :	Colaborar con outras organizacións ou entidades da zona coa finalidade de mellorar a competencia dixital de forma conxunta.				Acadado		
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Colaboracións realizadas con outras entidades.						
Valor de partida	3 colaboracións realizadas no presente curso.						
Valor previsto e data	5 colaboracións con outras organizacións ou entidades.			Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Continuar o traballo realizado xunto co CFR de Pontevedra para a formación en novas tecnoloxías.	Coordinador TIC e Equipo directivo	Xuño 2023	Formador TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Solicitar unha nova participación no programa “Navega con Rumbo”	Coordinador TIC e Equipo directivo	Maio 2023	Formador TIC			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Participar no Plan Director da Garda Civil sobre o uso axeitado das novas tecnoloxías	Equipo directivo	Maio 2023	Poñente da Garda civil			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Actualizar a listaxe de materiais TIC do centro, e solicitar o necesario para adaptalo as necesidades do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan dixital e coordinador TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actualización do material TIC do centro.					
Valor de partida	O centro conta con un inventario do material TIC de setembro de 2021					
Valor previsto e data	O centro conta con un inventario do material TIC actualizado.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Solicitar material TIC necesario para actualizar o existente no centro para facilitar o traballo do alumnado.	Coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	Novembro 2022	<ul style="list-style-type: none"> Folla de solicitude de material Inventario actual do material TIC do centro 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Recoller os datos indenticativos dos distintos PCs, PDI e outros materiais informáticos de nova incorporación.	Coordinador TIC e coordinador do Plan Dixital	Xuño 2023	<ul style="list-style-type: none"> Inventario TIC do centro (folla de recollida) 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Actualizar o espazo de Radio Escolar e mellorar a organización e programación do mesmo				Acadado	
RESPONSABLE:	Responsable da Radio Escolar e equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	A programación de radio está actualizada e os recursos que ofrece o espazo de radio son axeitados e innovadores					
Valor de partida	A radio funciona axeitadamente pero con poucos programas e non moi diversos.					
Valor previsto e data	A radio ofrece unha programación diversa, innovadora e actualizada.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaborar unha programación de radio para o uso da mesma.	Coordinador da radio e coordinador do Plan dixital	Decembro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un espazo de xuntanza na que o alumnado poida aportar ideas para o programa de radio.	Coordinador da radio	Xuño 2023	Espazo aberto de xuntanza Radio escolar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”:						
OBXECTIVO 1 :	Mellorar a competencia tic do alumnado (manexo de ordenador e tablet, uso de impresora 3d, manexo de robots, etc)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	O alumnado manexa con solvencia diferentes tic en función da súa idade e nivel.					
Valor de partida	O alumnado do centro ten un manexo das TIC algo baixo e centrado en funcionalidades básicas de diferentes TICs					
Valor previsto e data	O alumnado manexa de forma axeitada o ordenador, tablet, robots, radio, impresora, etc			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Panificar un plan de acción TIC para introducir contidos e recursos innovadores na práctica educativa diaria.	Coordinador do plan dixital e coordinador TIC	Decembro 2022	Reunión do departamento TIC Plan de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Diseñar e poñer en práctica diferentes obradoiros para o manexos de varias ferramentas TIC	Equipo TIC	Xuño 2023	Materiais innovadores e outros materiais TIC habituais (PCs, tablets, robots, xogos interactivos, libros interactivos, impresora 3d, ...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Introducir de forma transversal novos recursos e contidos innovadores na formación diaria da aula.	Equipo TIC e profesorado	Sen data de fin	Material habitual da aula e Recursos innovadores TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O centro presenta as seguintes necesidades:

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas:

- Mellora no servizo telefónico: en moitas ocasións o teléfono do centro queda sen sinal. Ademais, dado que está vinculado ao servizo de internet, cando este deixa de funcionar, tamén deixa de estar operativo o servizo telefónico.
- Instalación dun servizo de comunicación interna: dado que non se pode empregar o teléfono persoal, considerase fundamental dispor dun servizo de comunicación telefónica interno para que se poida comunicar o profesorado, dado que é un centro de grandes dimensións e en moitas ocasións é necesario comunicar algunha incidencia deixando só ao alumnado.
- Mellorar o servizo de megafonía: aínda que o centro dispón de servizo de megafonía,, considerase necesario melloralo, para que en todas as instalacións se escoite con suficiente claridade.

Necesidades de equipamento e servizos dixitais educativos:

- PCs e ou portátiles para aulas: sería necesario contar con 20 ordenadores portátiles que poidan ser empregados polo alumnado das diferentes aulas. Ademais sería necesario renovar un total de 15 ordenadores de sobremesa e portátiles para adaptalos ás novas necesidades.
- Equipos para aula TIC: os ordenadores e materiais da aula TIC son antigos e en moitos casos non se poden empregar con programas actuais.
- Armario de carga para PCs: a pesar de ser un centro E-Dixgal, seguimos sen ter armario de carga para os ordenadores.
- Ordenador de aula E-Dixgal: o profesorado que imparte as materias nos grupos E-Dixgal conta co seu ordenador persoal, pero aínda non se proporcionaron os ordenadores de aula.
- Tablets: o centro ten actualmente oito tablets compradas con fondos propios (en contra da normativa) dado que para adaptarse as necesidades de formación actual tivo que facer esta adquisición. En todo caso, sería necesario contar con 12 tablets a maiores para dar servizo a grupos máis numerosos.
- Encerados e pizarras dixitais: Sería necesario cambiar tres encerados dixitais para actualizalos debido á súa antigüidade.
- Material informático para a biblioteca: os PCs actuais da biblioteca son moi antigos e non se empregan polas dificultades que supoñen. Sería necesario contar cando menos con oito novos.
- Equipos para a zona de administración e servizo: é necesario cambiar dous ordenadores da zona de administración.
- Fotocopiadora: é necesario renovar a fotocopiadora actual debido ao mal servizo que presta. Sería fundamental contar con unha multicolor que non fose de sobremesa.
- Ordenador de orientación: debido á información que nel se garda, sería fundamental actualizar o actual equipo.

4. Avaliación do plan

Este documento será revisado de forma continua coa intención de poder modificar aqueles aspectos que así o precisasen para achegalo as necesidades cambiantes do centro. O seu seguimento realizarase da seguinte forma:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas difundirase entre todos os membros da comunidade educativa a través da páxina web do centro e da aplicación abalar.